

NÚMERO 9// MAIO 2022


CHÍO

BALU ARTE



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO SEMPRE

Intervención artística dentro do proxecto Urban Cores

A woman is shown underwater, sitting in a crouched position. She is looking directly at the camera with a neutral expression. A stream of bubbles rises from her mouth, creating a vertical column of light against the dark blue background. The lighting is dramatic, highlighting her skin and the texture of the bubbles.

O VERDADEIRO
HEROÍSMO
CONSISTE EN
CONVERTER OS
SOÑOS EN
REALIDADES E AS
IDEAS EN FEITOS.

**ALFONSO DANIEL
RODRÍGUEZ CASTELAO**



ARE QUEN AROU, QUE XA MAIO ENTROU.

Cando **Chío** está a piques de "cumprir" o número dez, entra unha friaxe polo corpo que, dunha banda fai pensar no traballo feito e no camiño aberto e, doutra, no paso tempo.

Precisar que este último transcorre coma "antes de", de seguro é mentir. Así a todo, pode tratarse dunha apreciación persoal e faime sentir certo pesadume polas verdades agochadas nos refraneiros.

Estamos a tempo, supoño, de recuperalos e ver canto de certo aínda encerran. Os ditos populares e máis as frases, tamén ben atinadas, dos avos e avoas. Come, estuda e faite bo; poñamos por caso.

LUGO EXISTE



Lugo Existe!, claro que Lugo existe.

Son Agustín Gallego, preto de tres anos fraguando este **Lugo Sempre**; un deles, xa con presenza pública. Con accións concretas, unha web activa, como activos estamos en redes sociais e con traballo por facer: conversas participativas e moita presenza social para reivindicar e facer un Lugo mellor. Medramos en coñecemento público e medramos en compromiso coas persoas que se achegaron a nós.

De esto quero falarlles. Sabido é que como asociación, **Lugo Sempre** ten o "apelido" de observatorio político, e así figura nos nosos estatutos: como asociación, non nos presentaremos a convocatorias electorais.

Porén, neste tempo de andaina, foron moitas as persoas que nos animaron a preparar unha candidatura, de cara as vindeiras eleccións municipais.

Certo é que compartimos as nosas inquedanzas con formacións e asociacións de índole social e político e sempre, cara una mellora dos servizos e infraestructuras, nos concellos da provincia. Así, de xeito particular, quero agradecer a ese grupo de empresarios e de profesionais, que se ofreceu a darnos un respaldo tácito na preparación dunha candidatura para o concello de Lugo.


É un bo momento, por tanto, de tomar decisións persoais. A moitos dos que formamos **Lugo Sempre**, móvenos o compromiso coa veciñanza e pensamos que Lugo existe.

Algúns, de xeito individual e fóra da asociación **Lugo Sempre**, tomaremos a determinación de concorrer, ou non, as eleccións municipais.

Namentres, unha vez máis: grazas polos folgos, pola axuda e polo compromiso de moitos, para que deamos este paso. Lugo existe, claro que Lugo existe.

FRIOL E BECERREÁ, A NON PERDER

EVENTO DO MES



O concello de Friol e a asociación **A Castronela**, xúntanse novamente para organizar, o 7 e 8 de maio, unha nova edición do **Friulio**. Unha cita na que participarán de xeito activo, máis de catrocentos figurantes, coa intención de recrear a convivencia entre castrexos e romanos.

A maior parte das actividades, terán lugar arredor do paseo fluvial, lugar onde se situarán os campamentos romano e castro galaico; pero ademais, haberá ao longo da fin de semana, música tradicional, divulgación cultural e un concurso promovido polo concello, para engalanar casas e comercios de Friol.

La Batalla del PUENTE DE CRUZUL
RECREACION NAPOLEONICA

"UN EPISODIO DE LA GUERRA DE INDEPENDENCIA,
LA RETIRADA DEL EJERCITO BRITANICO HACIA LA CORUÑA
Y EL MOVIMIENTO GUERRILLERO EN BECERREA"

BECERREA
13-14-15 MAYO 2022

VIERNES 13	SABADO 14	DOMINGO 15
TARDE: Montaje campamento en Carballeira Conferencia: 20H: "¿Dónde está o ouro de Moore?: A retirada do exército inglés para Becerreá en Xaneiro de 1809" Javier Gómez Vila. Doctor en Historia	12H Formación Marcial delante del Ayuntamiento 18H Batalla del Puente de Cruzul Recreación de la retirada del ejército británico de sir J. Moore ante el ejército francés	11H Recreación de la emboscada a una columna formada por parte de las alarmas de la zona. Descampado cerca del campamento/ Carballeira

Na fin de semana seguinte , entre o 13 e o 15 de maio, outra cita de recreación histórica, agarda por nós en Becerreá.

Entón, as tropas napoleónicas volverán acampar no municipio e atoparán á veciñanza disposta a facerse cos fusís que os franceses agochaban baixo a ponte.


O evento persegue, ademais, que a ponte de Cruzul obteña a declaración como ben de interese cultural.

QUERO QUE SEXA EN LUGO

E así foi: o pasado 3 de abril, o Salón Rexio do **Círculo das Artes**, acolleu o concerto da **Orquestra Gaos**, que aglutina o talento xuvenil de músicos procedentes dos principais conservatorios de Galicia, baixo a dirección dun gran mestre como é **Fernando Briones** e cos arranxos do compositor **Andrés Caramés**.

Ofreceron ao público, que encheu o salón, un concerto inesquecible.

Paseando por Lugo foi o título escollido para esta obra musical, polo seu autor, o doutor **Francisco Javier Neira Pampín**, un namorado da literatura (cinco libros publicados), da pintura e un soberbio pianista, con case un centenar de composicións, das que ten feito unha selección para ofrecerlle aos lucenses.



Sete temas: "**Cuando la elegancia sueña contigo**" parte I e II, "**El tren me lleva a Madrid**", "**Andas buscando el amor**", "**Paseando por Lugo**", "**En mis sueños**" e "**Y si la saco a bailar**".

No concerto, cada unha destas pezas, estivo encabezada por un poema de **Rosalía de Castro**, **Noriega Varela**, **Aquilino Iglesias Alvariño**, **Álvaro Cunqueiro**, **Xosé Otero Canto**, **Darío Xohán Cabana** e **Raquel Díaz Sánchez**.



Sen dúbida algunha, o concerto da Orquestra Gaos, coas composicións de **Neira Pampín**, pasará á historia musical lucense e galega, xa que o mesmo vaise repetir (en datas a programar) na Coruña e Santiago.

Sobre a decisión do autor de realizar a estrea na nosa cidade: "*Quero que sexa ante os meus amigos e quero ese encontro con eles*". **Francisco Javier Neira Pampín** deixa a súa impronta cun concerto memorable.

Facía ben tempo que Lugo non vivía unha estrea coma esta, na terra de **Juan Montes, Gustavo Freire e Pascual Veiga**.

Mágoa que ningún membro da Xunta de Galicia na nosa cidade, da corporación provincial e/ou local, foran quen de asistir ao mesmo para deixar constancia pública do gran acontecemento.

Agardamos con ansia a grabación realizada para, de novo, poder desfrutar do concerto e poder difundilo como merece.

NON HAI ARTE SEN TRANSFORMACIÓN



Que a rúa leve o nome de esquecemento, non é óbice para impulsar un proxecto deste calibre e deixar que morra aí. Sen darlle o pulo preciso, sen maior transcendencia, sen ser quen de sacar o proveito turístico, educativo e mesmo artístico, que podería desprender.

Que a rúa leve este nome é proba do seu presente e mesmo do seu futuro? preguntárase algún ou algunha.

Cando o Concello decidiu humanizar o espazo, facendo a rúa peonil e dotándoo de elementos urbáns como bancos e árbores, foi unha decisión máis que acertada. Aínda que , como pasa tantas veces en Lugo, para iso houbera que facer o pavimentado dúas veces (ollo: dobre gasto do que pouco se ten falado).

Porén, esa humanización decidiuse prolongar máis aló e converter a zona nun museo ao aire libre, cheo de obras de arte urbán, de diferentes autores/as locais. CHAPEAU, e non é unha errata...mesmo valería dicir: quitamos o chapeu!.



A cuestión está en saber se a iniciativa quedou sen folgos.


Porqué quedou todo nunha mera sala expositiva. Acaso non sería interesante darlle unha continuidade?

Xa que logo, encher as rúas con obras artísticas é o xermolo que agarda un desenvolvemento futuro, non é?



- Coordinar visitas de centros educativos para amosar todo o talento que existe na cidade, pero tamén para sementar inquedanzas de corte artístico.
- Aproveitar o lugar (malia non estaren no centro, que parece iso ser requisito *sine qua non*) para organizar concertos ao aire libre cun marco creativo único.
- Diseñar e implementar itinerarios de cara aos visitantes que se achegan á cidade, enlazando ademais sinerxías, por exemplo, co mural de **Diego As**, situado moi preto e que conta xa, cun recoñecemento mundial.
- Preparar encontros de arte na rúa, cunha mostra de outras disciplinas artísticas ligadas ao graffiti; ...

Establecer obxectivos de proxecto, que se di.





Tanto por facer e tan pouca ansia...Non cartos, senón interese.

Ter vontade, dende as entidades públicas, de promover ideas e, especialmente, de dar continuidade aos proxectos que ben merecen un trato digno.

Ser capaces de pór en valor a cidade que imos construíndo entre todos. E logo ter fachenda do que nos identifica.



FALAMOS DISTO

No primeiro número de **Chío** (setembro 2021) falabamos da necesidade de recuperar para Lugo un evento de calado cultural como é a feira do libro.

A iso fixemos tamén referencia, no pasado número de abril da revista, moi comentado por certo, e con ocasión da celebración do día do libro.

Pois ben, estamos en condicións de introducir un aplauso logo de ver isto:



FEIRAS DO LIBRO 2022 – CALENDARIO

LOCALIDADE	DATA	LOCALIZACIÓN	HORARIO
Ferrol	22 - 24 de abril	Praza da Constitución	Venres: 11-14 e 17-21 Sábado: 11-14:30 e 17-21 Domingo: 11-14:30 e 17-20
Santiago de Compostela	1 - 8 de maio	Paseo Central da Alameda	11:30 - 14 e 17:30 - 21
Lugo	17 - 22 de maio	Praza Maior (arriba)	11:30 - 14 e 17:30 - 21
O Porriño	26 - 29 de maio	Rúa Ramón González	11 - 14 e 17 - 21. O xoves pola tarde
Vilalba	3 - 5 de xuño	Praza da Constitución	11 - 14 e de 17 - 21
Ourense	8 - 11 de xuño	Rúa do Paseo	11 - 14 e 18 - 22
Vigo	1 - 7 de xullo	Rúa do Príncipe	11 - 14 e 17 - 21
Ponteareas	14 - 17 de xullo	Praza Maior	12 - 14 e 18.30 - 22. Sábado apertura ás 11. O primeiro día só pola tarde.
Rianxo	22 - 25 de xullo	Praza Castelao	12 - 14 e 18.30 - 22.30 Fin de semana e festivos peche pola mañá 14.30
A Coruña	1 - 10 de agosto	Xardíns de Méndez Núñez	11 - 14 e 17.30 a 21.30
Viveiro	12 - 15 de agosto	Xardíns de Noriega Varela	12 - 14 e 18 - 22 Fin de semana e festivos peche pola mañá 14.30.
Foz	18 - 21 de agosto	Praza de Conde Fontao	17.30 a 22
Monforte de Lemos	24 - 27 de agosto	Rúa do Cardeal	11 - 14 e 19 - 22. Mércores só pola tarde.

Non sabemos en que condicións terá lugar; é dicir, se será unha feira sen maior transcendencia ou se haberá verdadeira implicación por parte dos actores principais.

Pero como en **Lugo Sempre**, somos moito de cine tamén, confiamos en que tanto os/as directores/as do evento e os/as protagonistas, sexan quen de presentar un programa á altura do que merecemos os lucenses, logo desta travesía polo deserto dos libros na rúa.

UNHA DE ACLARADO

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre**.

No referente aos **contidos** deste número 9 de **Chío**, precisamos aclarar o que segue:

- Portada: Baluarte, palabra descomposta con forzada intención, que cingue á imaxe de portada e quere ser interpretada na súa acepción de amparo e defensa.

- Reflexión lucense: o título deste apartado é unha frase de **Robert Bresson**, cineasta francés. O festival impulsado polo Concello de Lugo na rúa do Esquecemento, ao que aquí se fai referencia, leva por nome "**Urban cores**"; relativo a el, é posible atopar máis información na web: **urbancores.es**

- Falamos disto: a puntualización feita aquí é unha raiola de esperanza que enviamos con todo o agarimo a eses "axentes lucenses" encargados de velar polo benestar do mundo do libro.

No apartado das **imaxes**, aclaramos que todas son, ben de autoría propia, ben de banco libre de imaxes.

- A foto de portada, pertence ao grupo de imaxes que ilustran "Non hai arte sen transformación", murais situados todos na rúa do Esquecemento de Lugo.

- O calendario presentado en "Falamos disto" está extraído da web da asociación galega de editoras.

A estas alturas da "película", o proceso de aclarado de **Chío** é unha honra persoal, de xeito que tal vez, poida omitirse por parte do lector/a...ou non. Morra o conto!

Coordina e dirixe Chío, Melina López.

